



Concello de Lousame

Preza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

### **APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 1 TÉCNICO PARA ATENCIÓN AO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS MINAS DE SAN FINS**

Visto o expediente que se segue para a contratación en réxime laboral, con carácter temporal polo período de tres meses e medio a xornada completa (40 horas semanais), dun técnico para a atención do museo e centro de interpretación das Minas de San Finx, ao abeiro do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2017 publicada a convocatoria no BOP núm. 22 de 01/02/2017 e as bases publicadas no BOP nº 14 de 20/01/2017. Vistos os correspondentes informes asinados polos servizos xurídicos e económicos do Concello de Lousame, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** En base aos artigos 103 e 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 14 de abril, aprobar e aplicar a dita contratación laboral, as bases anexas ao presente acordo, que conteñen a regulación do procedemento de selección por concurso público dun técnico para a atención ao museo e centro de interpretación das Minas de San Finx, na modalidade de contrato de duración determinada (3,5 meses) a xornada completa (40 horas semanais), por obra ou servizo determinado, como parte íntegra do expediente e do contrato que se formalice.

**SEGUNDO.-** Aplicar e convocar o concurso público, como forma de selección, conforme ao establecido no artigo 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 19 e 20 da Lei 30/1.984, de 2 de agosto, e á publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín oficial da Provincia da Coruña, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de **TRES días hábiles** a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio.

#### **ANEXO:**

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO PARA A ATENCIÓN AO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS MINAS DE SAN FINX AO ABEIRO O PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN, DURANTE O ANO 2017, NA MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA, DURANTE UN PERÍODO DE TRES MESES E MEDIO A XORNADA COMPLETA (40 HORAS SEMANAIS).**


#### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade de contrato temporal de 1 técnico/a para a atención ao museo e centro de interpretación das Minas de San Finx.

As funcións e tarefas a desempeñar serán as de atender e realizar as visitas guiadas nos dous edificios que compoñen o museo de San Finx e a súa contorna. Primeiro proxectando unha

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

presentación contando a historia das Minas de San Finx visitando tamén os diferentes elementos do museo, con visita ao edificio de compresores onde están as máquinas antigas. A continuación faise unha visita pola contorna na que se poden ver a entrada a antigos pozos de explotación. Así mesmo estará obrigado a realizar os seminarios de formación que puidesen impartir as áreas de cultura e turismo da Deputación da Coruña co fin de seguir un procedemento de calidade. Ademais remitiralle, con carácter mensual á área de Turismo da Deputación da Coruña un parte de consultas e visitas na primeira semana de cada mes. Todo elo nos termos do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2017 publicada a convocatoria no BOP núm. 22 de 01/02/2017 e as bases publicadas no BOP nº 14 de 20/01/2017.

O procedemento de selección será o que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

#### **SEGUNDA.- Modalidade de contratación.**

Modalidade contractual será a dun contrato laboral de duración determinada, por obra ou servizo determinado, prevista no R.D. 2720/1998, de 18 de decembro.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo de luns a domingo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións ditadas pola alcaldía.

A categoría do posto é Grupo III (C1)

As retribucións estipuladas para este posto son de 1.518,50 euros brutos mensuais (incluído todos os conceptos salariais e pagas extraordinarias).

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades previstas na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

A duración do contrato será por un período de tres meses e medio dende a data da sinatura do contrato e, en ningún caso, máis ala do 30 de abril de 2018.

#### **TERCEIRA.- Condición dos/as aspirantes.**

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do contrato:

**Nacionalidade:** ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

**Idade:** Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

**Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidaigo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

**Compatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**Titulación:** De conformidade co previsto na base 3ª das bases reguladoras do Programa de subvencións da Deputación da Coruña para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2017 (BOP nº. 14 do 20/01/2017). Obxecto específico do programa: "O persoal contratado deberá ter formación específica (grao, licenciatura, ciclos formativos, máster, posgrao...) relacionada cos campos da cultura, o turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural." Os candidatos deberán estar en posesión da titulación requirida ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3 ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

#### **CUARTA.- Convocatoria e presentación de solicitudes.**

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida á señora Alcadesa na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base terceira desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello en horas de oficina durante o prazo de TRES DÍAS HÁBILES, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no taboleiro de anuncios do Concello ou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, o que suceda máis tarde.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax (981821865) ou correo-e ([jose.martinez@concellodelousame.gal](mailto:jose.martinez@concellodelousame.gal)) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

2.- Necesariamente xunto coa solicitude-instancia para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

Fotocopia da titulación esixida na base terceira letra f) desta convocatoria





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Relación de méritos que aleguen os aspirantes para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación acreditativa daqueles. Neste caso, deberán aportar un curriculum vitae no que se relacionen e enumeren os méritos alegados no concurso de méritos.

Fotocopia do CELGA 3 ou certificado de iniciación do galego (no seu caso).

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

3.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **QUINTA.- Admisión de aspirantes**

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de DUN (1) día hábil, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente a Alcaldesa declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución a Alcaldesa determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso, así como a composición do tribunal cualificador.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, a Alcaldesa elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

#### **SEXTA.- Tribunal cualificador**

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

#### **SÉTIMA.- Contido do proceso selectivo**

#### **FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

#### **Sistema de provisión: concurso de méritos.**

#### **FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

A puntuación máxima outorgada na fase de concurso non poderá exceder de quince (15) puntos.

As puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo segundo o seguinte:

#### **BAREMO:**

#### **APARTADO I) Experiencia laboral.**

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 10 puntos.

- a) Servizos prestados na mesma ou similar categoría profesional á convocada na Administración pública: 0,20 puntos por cada mes completo.
- b) Servizos prestados na mesma ou similar categoría profesional en Centros, Entidades ou Empresas: 0,10 puntos por cada mes completo.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días. Para estes efectos non se computarán os servizos que prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

#### **APARTADO II) Formación específica. Cursos de formación e perfeccionamento.**

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 5 puntos.

Pola participación, como asistente ou relator/a, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da Administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, relacionados coas tarefas do posto ao que se opta, computándose:

- 1) De 100 ou máis horas de duración 0,25 puntos/curso.
- 2) De 60 e 99 horas de duración 0,20 puntos/curso.
- 3) De 30 a 59 horas de duración 0,15 puntos/curso.
- 4) De 10 a 29 horas de duración 0,10 puntos/curso.
- 5) De 10 ou máis créditos 0,25 puntos/curso.
- 6) De 6 a 9 créditos 0,20 puntos/curso.
- 7) De 3 a 5 créditos 0,15 puntos/curso.
- 8) De 1 ou 2 créditos 0,10 puntos/curso.

Os méritos alegados deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Os cursos de informática e novas tecnoloxías enténdense relacionados co contido do posto obxecto desta convocatoria, así como aqueles cursos de lingua estranxeira.

A validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento en lingua galega non computará na fase de concurso.

No suposto de que non se acreditar a duración dos cursos, estes non se valorarán.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles "cursos" cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

#### **CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS**

A cualificación obtida polos aspirantes será a da fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

**Proba de Lingua Galega:** Rematado o proceso de cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará acta coas puntuacións totais obtidas e fixará a data, lugar e hora de realización da proba de galego, de ser preciso, esta proba será cualificada como apta ou non apta.

Realizada dita proba, de ser preciso, o tribunal emitirá acta final cos resultados acadados e coa proposta dos aspirantes.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación global.

De producirse empate na puntuación final, terá preferencia o/a candidato/a que obtivera a maior puntuación no apartado de experiencia profesional e no caso de persistir o empate o Tribunal procederá a realizar unha entrevista curricular (máximo 10 preguntas), relacionadas coas funcións propias do posto de traballo baseadas no Temario sinalado no Anexo II. A entrevista curricular terá como máximo 2 puntos.

#### **OITAVA.- Proposta de aprobados/as**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas).

Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

#### **Lista complementaria de reserva para o caso de que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato:**

O Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen propostos para a súa contratación por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo por causa a el imputable, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.


#### **Bolsa de Emprego para futuras substitucións do aspirante aprobado ou renuncia tras a celebración do contrato:**

Unha vez formalizado o contrato de traballo obxecto deste proceso selectivo polo aspirante aprobado (ou polo que corresponda, segundo o regulado na base núm. 9.2) por Resolución de Alcaldía aprobarase unha Bolsa de Emprego.

A Bolsa de Emprego será formada do mesmo xeito que a "Lista complementaria de reserva", excluindo ao candidato que formalizou o contrato de traballo e no seu caso, aos anteriores que non o puideron formalizar por causas a eles imputables.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

O obxecto desta Bolsa de Emprego é a de substituír ao aspirante que formalizou o contrato de traballo obxecto deste proceso selectivo nos supostos de vacacións, permisos, situacións de IT ou análogas.

Do mesmo xeito, a Bolsa de Traballo será empregada para celebrar un novo contrato de traballo no caso de que o aspirante que formalizou o contrato renuncie ao mesmo unha vez formalizado.

Esta Bolsa de Emprego terá unha duración máxima de dous (2) anos a contar desde a data da Resolución que a constitúa. Será publicada no Taboleiro de Editos do Concello.

#### Funcionamento da Bolsa de Emprego:

No caso de producirse a necesidade de acudir á Bolsa de Emprego, requirirase ás persoas incluídas na listaxe pola orde de puntuación, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

No suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

O requirimento pode ser notificado na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ao enderezo postal sinalado na instancia dos aspirantes, e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nestas Bases.

Do mesmo xeito, o dito requirimento poderá ser realizado de forma telefónica, deixando dilixencia desta actuación un empregado público do Concello.

A utilización da Bolsa de Emprego queda, en todo caso, condicionada ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal interino ou laboral temporal.

#### **Proceso selectivo deserto:**

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, A Sra. alcaldesa queda autorizada a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

#### **NOVENA.- Presentación de documentos**

O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, así como a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).







Concello de Lousame

Preza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/as aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

#### **DÉCIMA.- Formalización do contrato**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a/o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- publicidade do proceso selectivo**

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse, exclusivamente, a través do taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras.

Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

**Protección de datos de carácter persoal.** De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Lousame, autorizando ao

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodeLousame.com  
concellodeLousame@concellodeLousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Lousame.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Normas finais.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**Terceira.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso -administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso -administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

**ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE**

D./Dña....., con documento de identidade número ..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en..... CP.....Localidade..... teléfono..... e correo electrónico.....

1º.- Que desexo participar no proceso selectivo convocado para cubrir a praza de PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS MINS DE SAN FINS.

2º.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º.- Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de ..... páxinas.

Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (NIF: 76517422X) (FECHA: 07/12/2017), José Martínez Redondo (NIF: 35454590K) (FECHA: 07/12/2017)  
Decreto N°: 705/2017 - Fecha de decreto: 07/12/2017  
Versión imprimible  
CVD: 2JL4YyIuxnpZWS0uuxvIN  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- Fotocopia da titulación esixida na base terceira letra f) desta convocatoria
- Relación de méritos que aleguen os aspirantes para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación acreditativa daqueles. Curriculum vitae no que se relacionen e enumeren os méritos alegados no concurso de méritos.
- Experiencia laboral: Informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social
- Certificados de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.
- Formación específica. Cursos de formación e perfeccionamento. Diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.
- Fotocopia do CELGA 3 ou certificado de iniciación do galego (no seu caso).

Polo exposto, **SOLICITO:**

Que se teña por presentada esta solicitude e se admita para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir a citada praza.

Lugar e data

Asdo.:

Sra. Alcaldesa do Concello de Lousame

## ANEXO II TEMARIO:

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. O procedemento administrativo común: concepto, principios xerais, fases e terminación do procedemento.
3. O procedemento administrativo. Os dereitos e deberes dos administrados. Os interesados.
4. A función pública local. Concepto e clases de persoal ó servizo das entidades locais: funcionarios, persoal eventual e persoal laboral.
5. Os dereitos e deberes de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. O réxime local español: Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio e a provincia.
7. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos.
8. A organización municipal. O concello. Órganos básicos: Alcalde e Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. As competencias municipais, con especial referencia os ámbitos cultural, educativo e turístico.
9. Seguridade e saúde no traballo: a Lei de prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

10. A Lei para a defensa dos consumidores e os usuarios e o Estatuto galego do consumidor e usuario. O sistema arbitral.
11. O produto turístico. Concepto e características. Xestión, ciclo de vida do produto e a súa viabilidade. A marca e o produto. Inventario de recursos turísticos. Valoración e aproveitamento dos recursos turísticos. Produtos turísticos da provincia da Coruña.
12. Calidade e satisfacción no sector turístico. Concepto e modelos de calidade.
13. Xestión da calidade en empresas e destinos turísticos. Imaxe de marca dun destino turístico. Creación da marca. Tipos marca – destino.
14. A comunicación turística. A publicidade e os medios publicitarios. A utilización de internet na comunicación e na publicidade. Marketing dun destino a través do ciberespazo: webs.
15. A sinalización turística. Obxectivos, principios e estrutura organizativa. Tipos de carteis turísticos.
16. Dinamización de oficinas de turismo. Análise. Diagnóstico. Estratexias de actuación. 17. A lei do turismo en Galicia: estrutura e contido. Obxecto e suxeitos da lei. Ordenación da oferta turística: principios xerais para o exercicio das actividades turísticas.
18. Os aloxamentos turísticos. Os hotéis, os aloxamentos turísticos extrahoteleiros. Ordenación dos establecementos hoteleiros e campamentos públicos en Galicia.
19. Servizos de guías turísticos. Relación coas empresas, entidades e profesionais do sector.
20. Programación de itinerarios turísticos. Viabilidade dos recursos turísticos do contorno para efectos de programar itinerarios. Técnicas de programación de itinerarios turísticos.
21. O turismo no medio rural. Aproximación conceptual. Tipoloxías de aloxamento turístico rural.
22. Xestión e demanda de espazos naturais. Plans de ordenación dos recursos naturais. Espazos naturais protexidos en Lousame e Ría de Muros-Noia. Categorías.
23. O mercado español do ecoturismo. Tipoloxías e destinos. O consumidor ecoturístico. Canles de comercialización.
24. Termalismo. Orixe, evolución e potencialidades do turismo de saúde. O club de produto vilas termais.
25. Os espazos turísticos litorais. Produtos turísticos relacionados. O Turismo náutico. A importancia do turismo náutico en Galicia. Portos deportivos da provincia da Coruña.
26. Festas declaradas de interese turístico. Principais festas e eventos da provincia da Coruña e a súa influencia na desestacionalización do turismo.
27. A oferta turística gastronómica: eventos de exaltación gastronómica na provincia da Coruña. Denominacións de orixe.
28. Concellos declarados de interese turístico na provincia da Coruña. Plans de dinamización e de excelencia turística.
29. Planificación e organización de feiras e eventos turísticos. Obxectivos e prospección do mercado. Pre-feira, feira e postfeira.
30. A acción social do turismo. Impactos negativos e positivos do turismo nos ámbitos económico e sociocultural. A súa contribución pola mellora da situación no plano público e privado.
31. Turismo e deporte. Tendencias actuais e futuras. Impacto socio-económico. Colaboración pública e privada. Mecanismos de innovación. Xestión do marketing. A actuación das empresas que organizan actividades de turismo activo.
32. Turismo cultural. Cultura e turismo un binomio inseparable. Novas oportunidades de desenvolvemento para os territorios. Como xestionar o turismo cultural.
33. Protocolo no turismo. Rangos de ordenación. Celebración de actos.
34. Conservación e promoción do patrimonio.
35. A actividade turística en Lousame e na Ría de Muros-Noia. Estructura do sector e datos socioeconómicos. Presente e futuro.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

36. Exposicións. Deseño e montaxe.
37. Os Museos. Definición. Normativa de aplicación e organigrama do sistema museístico. Tipoloxía e funcións.
38. A protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago: normativa reguladora. Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Categorias. Obrigas dos concellos de Galicia respecto dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia localizados no seu termo municipal.
39. Os Camiños de Santiago, cultura e sendeirismo. As rutas tematizadas.
40. Realidade turística e cultural do Concello de Lousame.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, pola alcaldesa M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (NIF: 76517422X) (FECHA: 07/12/2017), José Martínez Redondo (NIF: 35454590K) (FECHA: 07/12/2017)

Decreto N.º: 705/2017 - Fecha de decreto: 07/12/2017  
Versión imprimible

CVD: 2jL4yviuxnpZWSUuxvIN

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



